

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE SETEMBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

2099/06.- M^a Paz Leirós de la Peña.- Construcción de galpón en Lugar de Xesteira de Abaixo.-

1291/07.- Jesús Vázquez Veiga.- Legaliz. de planta baixo cuberta da edificación executada na Travesía da Estrada núm.29.-

646/07.-Lucía Moradiellos Zapico.- Rehabilitación e ampliación de viv. unif. en Paredes, Laraño.-

933/07.-Miguel A. Sánchez Salterio e Dna. Josefina Carballal López.- Viv.unif. en Rúa Eira Nova, Figueiras.-

695/07.- Aspanaes.- Arranxo de tellado e reforma interior da escola unitaria de Carballal, Vilestro.-

620/07.- Juan Ramón López Taboada.- Nave industrial sen uso definido na parcela núm.106 de Costa Vella.-

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

1626/07.- Malga, S.L.- Expte....821/05.....150,00 €-

981/07.- Promociones Prosysan 2000, S.L.-..... Expte...1966/01.....2.163,64 €-

1950/07.- Malga, S.L.-..... Expte...1084/04.....7.400,00 €-

1627/07.- Malga, S.L.-..... Expte...1588/05.....1.000,00 €-

1630/07.- Malga, S.L.-..... Expte...1971/05.....1.700,00 €-

1634/07.- Malga, S.L.-..... Expte....2076/05.....1.000,00 €-

1633/07.- Malga, S.L.-..... Expte.....961/05.....3.000,00 €-

1628/07.- Malga, S.L.-..... Expte.....1720/05.....1.000,00 €-

1629/07.- Malga, S.L.-..... Expte...2444/05.....200,00 €-

1631/07.- Malga, S.L.-..... Expte.....726/05.....600,00 €-

1632/07.- Malga, S.L.-..... Expte..2593/05.....250,00 €-

1978/07.- Celia Tato García.-..... Expte....618/07.....601,00 €-

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse definitivamente axudas para sete vivendas e dous locais comerciais. Ademais, apróbanse inicialmente axudas para 20 vivendas.

5 a 23.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concéndense as devanditas exencións.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión dunha exención no imposto sobre bens inmobles.

Concédese a devandita exención.

25.- Proposta da concelleira delegada de Política Lingüística relativa á aprobación das bases reguladoras da selección de tres estudantes para realizar prácticas nos programas de normalización lingüística, así como a correspondente reserva de crédito para a dotación das bolsas.

Para dar cumprimento ao convenio de colaboración coa USC, apróbase a convocatoria e bases polas que se regula o proceso de selección de tres estudantes da USC para a realización de prácticas nos programas de normalización lingüística que se desenvolven no Departamento de Lingua Galega.

26.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de recollida de augas pluviais na Costa de San Marcos (BANDO).

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 35.624 euros e cun prazo de execución de 3 semanas, así como o inicio do expediente para a súa licitación e o prego de condicións.

27.- Concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos para a remodelación urbana da Praza de Galicia en Santiago de Compostela.

Apróbase o prego de bases que rexerá o concurso.

28.- Prórroga do aluguer de local na rúa Camiño dos Vilares nº 1 para uso como Asociación cultural VIRXE DE GUADALUPE.

Aprógase o prórroga do devandito aluguer ata o 1 de marzo de 2008 e revísase o prezo de adjudicación conforme ás variacións correspondentes do IPC.

29.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación das actividades do DÍA DA BICICLETA 2007.

Autorízase a realización da devandita actividade, o vindeiro domingo 30 de setembro, e apróbase un orzamento de 6.500 euros.

30.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do pago de incentivos por xubilación anticipada de dous funcionarios.

Acordase o pagamento dos devanditos incentivos.

31.- Proposta das concelleiras delegadas de Urbanismo e Reforma Administrativa relativa á aprobación da participación do Concello de Santiago no programa de IMPULSO AO URBANISMO EN REDE.

Apróbase a participación no devandito programa.

32.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da sinatura do convenio entre o Concello e a Asociación de pais de persoas con trastornos do espectro autista da provincia da Coruña (ASPANAES).

Apróbase o texto e a sinatura do convenio, que contempla unha achega económica de 2.500 euros.

33.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio do Concello a diversos proxectos empresariais para a súa calificación como iniciativa local de emprego.

Acórdase o apoio expreso como iniciativa local de emprego de tres proxectos empresariais: ASLI, Axencia de Servizos Lingüísticos Integrais, S.C, presentado por Cosmina Elena Degán; BEMBEM, de María Belén Leiva Fernández; e Xocoátel, presentado por Sandra Irene Risheid Barros.

34.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á concesión de subvencións da Consellería de Traballo para a contratación de traballadores desempregados.

Dáse conta da concesión de subvencións para os seguintes proxectos: Área de Rehabilitación Integral (30.435 euros para a contratación de 2 traballadores); Programa de asistencia e atención xurídica a mulleres (29.516 euros e 2 traballadores); Programa de asistencia e atención psicolóxica a mulleres (16.841 euros e 1 traballador); Programa de inserción laboral de colectivos en risco de exclusión social (108.079 euros e 7 traballadores); e Programa Pieg Rede Natura (80.541 euros e 8 traballadores).

35.- Proposta da concelleira delegada de persoal e reforma administrativa relativa á creación e funcionamento de rexistros auxiliares para a entrada e saída de documentos.

Apróbase a creación dos rexistros auxiliares do Rexistro Xeral de Entrada e Saída de documentación:

A.- Rexistro auxiliar para entrada e saída de documentación:

-Rexistro da Oficina de Atención ao Contribuínte sito na rúa Salvador Allende.

B.- Rexistros auxiliares para saída da documentación:

- Rexistro dos servizos xerais da Dirección da Área de Urbanismo (2º andar Pazo de Raxoi).
- Rexistro dos servizos do Casco Histórico (praza de Cervantes).
- Rexistro do Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios (rúa Salvador Allende).

C.- Rexistros auxiliares para a entrada da documentación:

- Rexistro do Centro Sociocultural de Fontiñas (avenida de Lisboa).
- Rexistro do Centro Sociocultural do Ensanche (rúa Frei Rosendo Salvado).

36.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso do pavillón municipal Apóstolo Santiago para a celebración dun acto da CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NON ÁS DROGAS.

Apróbase a concesión do uso do devandito pavillón á Igrexa Evangélica Filadelfia o sábado 29 de setembro de 16.30 a 22.00 horas. O solicitante debe aboar a cantidade de 425 euros.

37.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.

Apróbase a memoria/proxecto para a solicitude de axudas para a contratación de dous axentes de emprego. O custo de ámbalas contratacións é de 79.867,83 euros (53.091 euros achegados pola Consellería e o resto polo Concello).

38.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios, e plus de transporte.

Apróbase o aboamento das devanditas horas plus de transporte a persoal do Concello por un importe total de 111.005 euros.

39.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao recoñecemento da titularidade da parcela de orixe 056-a, no proxecto de reparcelación do SUP-6. SANTA MARTA.

Recoñécese a titularidade da devandita parcela a favor de Aurelio Ares Regueiro e o seu dereito a percibir a correspondente compensación en metálico substitutiva por valor de 3.827 euros.

40.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución xudicial do litixio entre ADIF e ROFEMAR, S.L. sobre indemnización por derruba de construcións e extinción de contrato no proxecto de reparcelación do polígono 1 do SUP-2 (CORNES).

Declárase resolto, por sentenza judicial, o litixio, cos seguintes efectos: declárase o dereito de ADIF a percibir a indemnización fixada na Reparcelación do SUP-6 polo alor das construcións existentes na parcela 66, equivalente a 233.377,62 euros; e confírmase a resolución do contrato por causas alleas á Reparcelación, de maneira que deberá excluírse a indemnización inicialmente fixada por este concepto, 44.346,70 euros, debendo efectuarse os reintegros que procedan na conta de liquidación definitiva.

41.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á ratificación do texto do convenio urbanístico para a obtención do sistema xeral de equipamento universitario EU-2.

Ratifícase o devandito convenio urbanístico.